

XUNTA DE FACULTADE

ACTA DA REUNIÓN DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019

<p>Asisten:</p> <ol style="list-style-type: none">1.- D. Francisco José Torres Pérez (Presidente)2.- D^a. María Antonia Arias Martínez (Secretaria)3.- D^a. María Belén Fernández Docampo4.- D^a. Regina Ibáñez Paz5.- D. José Carlos Orge Martínez6.- D^a. María Cruz Barreiro Carril7.- D. Jaime Cabeza Pereiro8.- D^a. María Isabel Cal Bouzada9.- D. Julio Costas Comesaña10.- D^a. Carmen Domínguez Rubira11.- D. Pablo Fernández Carballo-Calero12.- D^a. María Dolores Ferrero Martínez13.- D. Pablo Grande Seara14.- D^a. Rosa María Loveira Pazó15.- D. Baltasar Manzano González16.- D. Ángel Manuel Mariño de Andrés17.- D^a. Helena Martínez Hens18.- D^a. María Teresa Martínez Táboas19.- D^a. Nora Martínez Yañez20.- D. Luis Miguel Muleiro Parada21.- D^a. Ana María Pita Grandal22.- D. José Ramón Rodríguez Lago23.- D^a. Carmen Ruiz Hidalgo24.- D. Anxo Tato Plaza25.- D^a. María Inmaculada Valeije Álvarez26.- D^a Andrea Fragueiro Gargamala27.- Tomás Farto Piay <p>Desculpan asistencia:</p> <p>D. Jaime Aneiros Pereira D^a Almudena Bergareche Gros D^a. María José Bravo Bosch D. Rafael Fernández Acevedo D^a. M^a Noemi García Gestoso D^a Marta García Mosquera D. Ángel Aday Jiménez Alemán D^a Esther Pillado González D^a. Emma Rodríguez Rodríguez</p>	<p>Acta da Comisión da Xunta de Facultade do día 18 de decembro de 2019, convocada por orde do Presidente da mesma, D. Francisco José Torres Pérez, ás 12:00h en primeira convocatoria, e ás 12:30h en segunda convocatoria, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa seguinte</p> <p>ORDE DO DÍA</p> <ol style="list-style-type: none">1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 22 de xullo de 2019 e da acta da reunión extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 11 de novembro de 2019.2. Informes do Sr. Decano.3. Aprobación, se procede, do Informe Final de Avaliación do Plan de Acción Titorial do curso académico 2018-2019.4. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial do curso académico 2019-2020.5. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social do curso 2018-2019.6. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral do curso 2018-2019.7. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Avogacía-Vigo e Avogacía-Pontevedra do curso 2018-2019.8. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Grao en Dereito do curso 2018-2019.9. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019.10. Aprobación, se procede, do Procedemento IA-01 de Xestión dos Recursos Materiais e de Servizos.11. Aprobación, se procede, do Procedemento de seguimento e control da docencia da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.12. Aprobación, se procede, do criterio de asignación de prácticas externas curriculares no Grao en Dereito e no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019
--	---

	<p>13. Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2019-2020.</p> <p>14. Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2019-2020.</p> <p>15. Ratificación, se procede, da Acta do tribunal para a concesión dos premios extraordinarios fin de carreira do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019.</p> <p>16. Aprobación, se procede, de modificacións nos horario de 3º curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</p> <p>17. Modificación, se procede, da normativa da Revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.</p> <p>18. Aprobación, se procede, da avaliación de informes dos méritos docentes (quinquenios) da convocatoria do ano 2019.</p> <p>19. Rolda aberta de intervencións.</p>
--	---

Ás 12:40h do día 18 de decembro de 2019 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 22 de xullo de 2019 e da acta da reunión extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 11 de novembro de 2019.

Apróbase por asentimento a acta correspondente á reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 22 de xullo de 2019.

Así mesmo apróbase por asentimento a acta correspondente á reunión extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 11 de novembro de 2019 coa inclusión da profesora Rosa María Loveira Pazó entre os membros que desculpáron a súa ausencia na devandita reunión.

2. Informes do Sr. Decano.

- Agradece o labor desenvolvido polo anterior equipo decanal, facendo unha especial referencia á prof. Almudena Bergareche Gros na súa calidade de Decana.
- Felicita á prof. Esther Pillado González polo seu nomeamento como Valedora Universitaria, á prof. Patricia Valcárcel Fernández polo seo nomeamento como Vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais da Universidade de Vigo e á prof. María José Bravo Bosch como Directora da Inspección de Servizos. Así mesmo, felicita a Sara Louredo Casado por obter o premio extraordinario de doutoramento na convocatoria correspondente ao curso 2018-2019.
- Informa que xa está iniciado o proceso electoral para as eleccións de representantes (PDI-B, PAS e estudantes) na Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- Sinala que na próxima reunión da Xunta de Facultade someterase á aprobación a memoria económica e maila liquidación do orzamento do 2019.
- Adianta que o orzamento para o ano 2020 experimentou un recorte de 12.000€ respecto do correspondente ao ano 2019, o que supón, a súa vez, unha diminución de 24.000€ nos dous últimos anos. Os motivos que xustifican esta redución do orzamento para a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo serán expostos polo Vicerreitor de Economía nunha xuntanza co Decano prevista para o día 19 de decembro.
- Informa sobre unha serie de gastos xa executados no ano 2019: (i) compra dun equipo de videoconferencia vía skype para a aula A-209; (ii) cartelería dixital por todo o centro; (iii)

electronificación das mesas do hall e compra de cadeiras; (iv) compra para os despachos do Centro de 20 calefactores de baixo consumo que se axustan á normativa de seguridade; (v) subscripción á base de datos de Tirant lo Blanch (un acceso por IP desde a biblioteca da Facultade e dous accesos por clave) e acceso a toda a biblioteca de Tirant mediante clave para todo o profesorado do centro e outra clave para a Biblioteca central).

- Comunica que a ACSUG renovou a acreditación durante catro anos máis do Máster en Dirección e Xestión Laboral.

- Anuncia que dende a secretaría do Decanato enviaranse, como en anos anteriores, os correspondentes correos ás áreas co fin de informar das cantidades dispoñibles para que procedan á planificación da compra de bibliografía e a organización de xornadas e seminarios.

- Informa do proxecto que se está a desenvolver co fin de que o profesorado do Centro poida programar as titorías a través da secretaría virtual para, posteriormente, vinculalas á páxina web da Facultade.

3. Aprobación, se procede, do Informe Final de Avaliación do Plan de Acción Titorial do curso académico 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial do curso académico 2019-2020.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social do curso 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral do curso 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Mestrado Universitario en Avogacía-Vigo e Avogacía-Pontevedra do curso 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Grao en Dereito do curso 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do Informe de Coordinación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Procedemento IA-01 de Xestión dos Recursos Materiais e de Servizos.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Procedemento de seguimento e control da docencia da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, do criterio de asignación de prácticas externas curriculares no Grao en Dereito e no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019.

Aclara o Sr. Decano que a asignación das prácticas xa está feita e que o criterio aplicado foi, como nos cursos anteriores, o expediente académico. A prof. Ana María Pita Grandal sinala que este punto non é necesario incluílo na orde do día xa que non se está aprobando ningún criterio sino informando. O Decano manifesta o seu acordo.

13. Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2019-2020.

Apróbase por asentimento a seguinte composición de tribunais:

- Grao en Dereito:

Tribunal I

Presidente: Prof. María Antonia Arias Martínez

Secretaria: Prof. María Cruz Barreiro Carril

Vogal: Prof. Maria Dolores Ferrero Martínez

Suplentes:

Presidente: Prof. Noemi García Gestoso

Secretaria: Prof. María Teresa Martínez Táboas

Vogal: Prof. Marta García Mosquera

Tribunal II

Presidenta: Prof. Nora María Martínez Yáñez

Secretario: Prof. Xose Antón Cachaldora Calderón

Vogal: Prof. Ángel Aday Jiménez Alemán

Suplentes:

Presidente: Prof. Julio Costas Comesaña

Secretaria: Prof. Teresa Estévez Abeleira

Vogal: Prof. Rosa M^a Loveira Pazo

Tribunal III

Presidente: Prof. Javier de Vicente Remesal

Secretaria: Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe

Vogal: Prof. Zoraida Álvarez Pérez

Suplentes:

Presidente: Prof. Luis Miguel Muleiro Parada

Secretario: Prof. Diego Espino Hernández

Vogal: Prof. María del Carmen Costas Martínez

- Grao en Relacións Laboriais e Recursos Humanos:

Tribunal I

Presidenta: Prof. Maria Jesús Fernández Arias

Secretario: Prof. Xurxo Airas Cotovad

Vogal: Prof. Miguel Ángel Crespo Cibrán

Suplentes:

Presidenta: Prof. Gloria Caballero Fernández

Secretario: Prof. José María Casas de Ron

Vogal: Prof. Delmiro Barreiros De la Torre

Tribunal II

Presidenta: Prof. Emma Rodríguez Rodríguez

Secretario: Prof. Francisco Javier D' Amorín Camba

Vogal: Prof. Jacinto Lareo Jiménez

Suplentes:

Presidente: Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco

Secretario: Prof. José Francisco Durán Vázquez

Vogal: Prof. José Ramón Núñez Ramos

14. Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2019-2020.

Apróbase por asentimento a seguinte proposta de calendario:

- Convocatoria adiantada

Entrega ao titor/a: 5 novembro 2019

Depósito no Decanato: 15 novembro 2019

Defensa: 22 novembro 2019

- Convocatoria febreiro:

Entrega ao titor/a: 7 febreiro 2020

Depósito no Decanato: 14 febreiro 2020

Defensa: 21 febreiro 2020

- Convocatoria xuño:

Primeira reunión co titor/a: comezo do cuadrimestre

Entrega do esquema ao titor/a: cando o determine o/a titor/a e preferiblemente ao redor de catro meses antes da defensa

Revisión da primeira elaboración (borrador): cando o determine o/a titor/a e preferiblemente ao redor de dous meses antes da defensa

Entrega ao titor/a: 10 de xuño 2020

Depósito no Decanato: 18 de xuño 2020

Defensa: 25 de xuño de 2020

- Convocatoria xullo:

Primeira reunión co titor/a: comezo do cuadrimestre.

Entrega do esquema ao titor/a: cando o determine o/a titor/a e preferiblemente ao redor de catro meses antes da defensa.

Revisión da primeira elaboración (borrador): cando o determine o/a titor/a e preferiblemente ao redor de dous meses antes da defensa.

Entrega ao titor/a: 10 de xullo 2020

Depósito no Decanato: 17 de xullo 2020

Defensa: 24 de xullo de 2020

15. Ratificación, se procede, da Acta do tribunal para a concesión dos premios extraordinarios fin de carreira do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2018-2019.

Ratifícase a concesión do premio extraordinario fin de carreira no Grao en Dereito a Dna. Elena Fálagan Gómez.

Ratifícase a concesión do premio extraordinario fin de carreira no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos a D. Gabriel González Rodríguez.

16. Aprobación, se procede, de modificacións nos horario de 3º curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

O prof. José Carlos Orge Míguez explica a modificación que resulta necesario levar a cabo nos horarios do 3º curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos como consecuencia do seu nomeamento como Vicedecano da Facultade. Esta modificación afecta nas dúas primeiras semanas de clase do segundo cuadrimestre ás materias de Dereito Mercantil e Análise Contable os días luns e martes. Nas semanas seguintes as materias afectadas son Análise Contable e Dirección Extratéxica.

Apróbase por asentimento.

17. Modificación, se procede, da normativa da Revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

O prof. Luis Miguel Muleiro Parada manifesta que non é clara a redacción proposta dos artigos 2 e 3 da normativa que regula a Revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Polo que se refire ao artigo 2º, o Decano explica que o Director/a da Revista poderá ser o Decano/a ou a persoa que el/ela nomee entre o profesorado doutor con vinculación permanente que previamente manifestara o seu interese en dirixir a devandita publicación. Así mesmo, aclara que a Secretaría da revista corresponderalle á persoa ou persoas que nomee o Decano/a as cales, en ningún caso, poderán pertencer a mesma área de coñecemento que o Director/a da Revista.

Acórdase revisar neste senso a redacción proposta dos devanditos artigos.

18. Aprobación, se procede, da avaliación de informes dos méritos docentes (quinquenios) da convocatoria do ano 2019.

Apróbase informar favorablemente a actividade académica desenvolvida na Facultade do profesorado que se relaciona a continuación:


- Jaime Aneiros Pereira
- Raquel Arévalo Tomé
- Julio Costas Comesaña
- María Eva Diz Comesaña
- Pablo Grande Seara
- Helena Martínez Hens
- Nora María Martínez Yáñez
- Alexandre Pazos Pérez
- Ana María Pita Grandan
- Rafael Andrés Velázquez Pérez
- Patricia Valcárcel Fernández

19. Rolda aberta de intervencións.

Non hai

Sendo as 13:15h, levántase a sesión.

Secretaria



María Antonia Arias Martínez

V. e pr. Presidente



Francisco José Pérez Torres